



Concello de Vigo

SECRETARÍA DO GOBERNO LOCAL
Expte. 1097/1102

ASUNTOS PARA INCLUIR NA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 5 DE NOVEMBRO DE 2021.

- 1.- APROBACIÓN ACTAS: acta da sesión ordinaria do 29 de outubro de 2021.

ADMÓN. ELECTRÓNICA

- 2.- Expediente de contratación do servizo para a xeración dun modelo 3d xemelgo dixital da cidade de Vigo, integración de mobile mapping, xeración de novos servizos gis 3d, formación gis 3d e subministro de licenzas. Expte. 9715/113.

CONTRATACIÓN

- 3.- Modificación do contrato de redacción do proxecto decorativo de iluminación e subministro dos elementos decorativos, así como o servizo de instalación, mantemento e desmonte dos elementos lumínicos ornamentais nas Campañas do Nadal 2018-2019, 2019-2020 e 2020-2021. Expte. 8294/106.
- 4.- Solicitudes de Viguesa de Transportes, SA, titular da concesión de servizo público de transporte urbano colectivo de viaxeiros, con relación ao reequilibrio económico. Expte. 3078/449.

DEPORTES

- 5.- Subvención nominativa mediante convenio coa entidade Trasnos Béisbol Club en base ao desenvolvemento do Proxecto Xeral de actividade da entidade considerada de elite na tempada deportiva 2020/2021. Expte. 20362/333.

EDUCACIÓN

- 6.- Prórroga do contrato do subministro de gasóleo tipo "C" para as instalacións de calefacción e produción de auga quente (AQS) nos colexios públicos de educación infantil e escolas municipais dependentes do Concello de Vigo. Expte. 23073/332.

PARTICIPACIÓN CIDADÁ

- 7.- Proxecto de convenio de colaboración coa "Asociación de Mariñeiros Artesanais e Deportivos de San Miguel de Bouzas" para a difusión da cultura mariñeira. Expte. 10087/320.

PATRIMONIO HISTÓRICO

- 8.- Proposta de aprobación do “Programa para arrumbar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia sobre a vía pública e demais espazos libres que conforman a paisaxe urbana” e as bases. Expte. 10498/307.

RECURSOS HUMANOS

- 9.- Proposta de contratación en réxime laboral fixo con cargo a unha praza vacante de oficial mecánico OEP 2016. Expte. 38644/220.
- 10.- Nomeamento como funcionaria de carreira de unha arquitecta técnica-aparelladora (quenda libre) con cargo á praza vacante OEP 2016. Expte. 38645/220.
- 11.- Recurso de alzada interposto contra o acordo do Órgano de Selección de oficial fontaneiro OEP 2014-15-16. 38700/220.

SECRETARÍA XERAL DO PLENO

- 12.- Proposta de aprobación do proxecto de Plan Normativo Anual correspondente ao ano 2022. Expte. 1696/110.

URBANISMO

- 13.- Dar conta do pase á vía de constrinximento de multas urbanísticas. Expte.13897/407.
- 14.- Rogos e preguntas.

DECRETO DE CONVOCATORIA

Examinada a relación de asuntos precedentes correspondentes ós expedientes para a súa inclusión na orde do día, convoco á Xunta de Goberno Local para realizar sesión **ORDINARIA** na Sala do Pleno de xeito presencial o día **5 de novembro de 2021, ás 9,00 h.** en primeira convocatoria e, de non existir quórum, unha hora despois en segunda convocatoria, para resolver os asuntos da devandita relación.



Concello de Vigo

SECRETARÍA DO GOBERNO LOCAL

Expte. 1097/1102

Notifíquese ós Sres. e Sras. membros da Xunta de Goberno Local; á titular da Asesoría Xurídica, ao interventor xeral, á Secretaria do Goberno e ós demais membros do grupo político municipal do PSdeG-PSOE . Fágase público no taboleiro da Casa do Concello para ós efectos de información.

SGF/me.

Vigo, na data da sinatura dixital.

A CONCELLEIRA SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Yolanda Aguiar Castro

O ALCALDE,
Abel Caballero Álvarez